



Corresponde a esta Dirección Xeral a mencionada autorización, de conformidade co previsto no artigo 15 do Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, e do Fondo Galego de Garantía Agraria

Por todo o exposto, e vistas a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais normativa aplicable

RESOLVO:

Autorizar a Serveteg S.L.U., como centro para a recollida e almacenamento de semente de equino, e a súa inscrición no Rexistro de Centros de Reprodución co número " ES11RS02E ".

Rexístrase como veterinario responsable do equipo a D. Herminio Pose Nieto, colexiado nº LU 852 de Lugo, e autorízase para emitir os documentos de acompañamento do semente producido polo citado centro destinado ao comercio nacional.

Calquera cambio na organización do equipo, nos laboratorios ou nos equipos, deberá ser comunicado a esta dirección xeral.


Contra a presente resolución, poderá interpor recurso de alzada ante o Secretario Xeral do Medio Rural e de Montes, no prazo dun mes, a contar desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 15 do Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, e do Fondo Galego de Garantía Agraria, e o artigo 26.3.c da Lei 16/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A presente autorización non implica o cumprimento de calquera outra condición legal, a que houbera lugar, por parte da entidade autorizada.

Notifíquese ó interesado conforme a normativa vixente

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2012

O director xeral de Producción Agropecuaria



José Álvarez-Robledo